

6/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 16 XUÑO DE 2020.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, debido a situación do estado de alarma, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.05.2020 (05/2020)

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, bos días. Empezamos este Pleno Extraordinario, en primeiro lugar coa aprobación da acta da sesión anterior realizada o 27.05.2020. Votos a favor, abstencións, en contra ninguén.

O Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Genaro Prieto Iglesias, por non ter asistido a sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.05.2020 (5/2020).

2.- ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA XULLO 2020: SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao segundo punto, que é Eleccións ao Parlamento de Galicia Xullo 2020, sorteo membros das mesas electorais. Listo.

A fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e cumpridas todas as formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno procédese á formación das Mesas Electorais, así como á lista suplementaria de suplentes, en número de nove suplentes por cargo, que é o número máximo que posibilita o programa informático do sorteo facilitado polo INE, que quedan integradas polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N° 353/2020, SOBRE ASUNTO: POS+ 2020 COMPLEMENTARIO. APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a Ratificación da resolución de alcaldía núm. 353/2020, sobre “POS+ 2020 complementario. Aprobación proxectos corrixidos, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria realizada en data 04.06.2020, relativo ao asunto arriba citado, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 1 abstención (1 BNG), acorda prestar aprobación ao citado asunto, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a resolución da alcaldía n° 353/2020, do 27.04.2020, relativo ao asunto arriba epigrafiado.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pasamos ao terceiro punto: Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 353/2020, sobre asunto: POS+ 2020 Complementario. Aprobación proxectos corrixidos. Bueno, Palabras? Si. Algunha máis? Nada, Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, bos días a todos e a todas, nós imos a... a votar favorablemente, unha vez que se incorporaron os proxectos modificados, aínda que na nova carátula sería ben que modificara a carátula dos proxectos, dado que non estaban incorporados a comisión celebrada o día 4 de xuño, onde nos abstivemos solicitando que viñeran os proxectos, vamos a votar a favor aínda que votamos na propia ratificación da Resolución de Alcaldía cando se debateu o POS, non sen antes recordar a normalidade que supón que haxa correccións en canto aos proxectos, unha vez que son informados polos técnicos da Deputación, igual que no Pleno anterior, ordinario tamén, aprobamos outra ratificación, corrección, en canto os... as facturas que deberían de ser incluídas, polo tanto entra dentro da normalidade, o que si queríamos facer un... un chamamento, porque xa o manifestaramos tamén cando se debateu o Complementario e é que unha parte importante da obra do Parque da Urbanización de O Baño vai fóra de ese... de ese proxecto e así mesmo pediu tamén a Deputación un compromiso de execución previa do que era a..... antes da... do propio.... do desenvolvemento e execución do propio proxecto que vai no POS Complementario e queremos dicir que tamén este POS Complementario corrixe esa primeira solicitude que fora realizada en decembro por a Resolución de Alcaldía, sen ter pasado previamente polo Pleno, en todo caso, como dixeran, isto entra dentro da normalidade, cando os proxectos son corrixidos tamén por outras administracións ou son estudados, e vamos a manter o mesmo voto que mantivemos xa na votación tanto do POS como do POS Complementario, que é o voto favorable.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, se non hai máis palabras sometemos a votación este punto: votos a favor, abstencións.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N° 442/2020, SOBRE ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

Tras deliberación, sométese a votación a Ratificación da resolución da alcaldía núm. 442/2020, sobre “Aprobación do POS+Adicional 1/2020 para o Financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19”. e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade, na sesión extraordinaria realizada en data 11.06.2020, relativo ao asunto arriba citado, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 1 abstención (1 BNG), acorda prestar aprobación ao citado asunto, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a resolución da alcaldía nº 442/2020, do 29.05.2020, relativo ao asunto arriba epigrafiado.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pasamos ao punto cuarto: Ratificación da Resolución de Alcaldía Núm. 442/2020, sobre asunto: Aprobación do POS+ Adicional 1/2020 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19. Algo sobre este punto? Si. José Angel...

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Ola bos días, nós o que queríamos comentar era en relación a este punto e que, bueno, primeiro pois agradecer á Deputación que faga este tipo de... de addendas, de ampliacións dos presupostos para atender estas... en estes momentos, bueno, co tema do COVID, pois ás axudas as familias e a os concellos para poder facer fronte aos gastos que se derivan de esta... de esta pandemia non, quero decir que bueno, nós en este... durante todo este período, ao igual que outros grupos tamén, pois cremos que era convinte pois ampliar as axudas ás familias sen... ás familias que estén... maiores, as familias que están acollidas habitualmente aos servizos asistenciais, aos servizos sociais, que se podían ver nestes momentos pois ao mellor afectadas, pois porque están afectadas por un ERTE ou unha situación complicada e que necesitaban... necesitaban axuda adicional, de feito estivemos preguntando durante toda estes dous meses cantas familias a maiores habían necesitado axudas por parte do Concello e canto era a cantidade a maiores que o Concello pois estaba destinando a estas axudas, que non... non tivemos resposta, non.. en ningún momento. Despois, bueno, tamén dicir que as axudas veñen especificadas pola parte da Xunta ou tamén por parte da Deputación, que é neste caso quen fai o reparto, pois que en principio están vistas, enfocadas pois para que sexa unha axuda directa, máis ben, tanto a axuda a domicilio como a axuda as familias que queden en exclusión, pois reforzando os servizos domiciliarios, reforzando a vixilancia da poboación e... pois trasladar, pois iso, as axudas ao fogar, axudas a xente que está en exclusión, axudas as familias monoparentais, etc. Entón vemos que bueno, pois que as axudas que se van a solicitar van máis ben encamiñadas cara a... cara a unicamente material, material así como tamén pois roupa e moitas veces cuestións como son os traxes do Ges que non teñen ao mellor un encaixe realmente en esta... en este tipo de axudas non, en ese sentido pois cremos que non serían as axudas que seguramente que nós houberamos solicitado, non,

para... dentro de esta, de esta ampliación das axudas polo COVID. En todo caso, sabemos que a situación é complicada, que hai pouco tempo para plantexarse en que... en que investir o diñeiro, e ese bueno, pois é o motivo principalmente polo que seguramente estamos, estaremos votando a favor aínda de este tipo de cuestións, cando non tería nada que ver co que nós houberamos feito se estivésemos no goberno. Por outra parte dicir que despois de todos os anuncios que se fixeron de todas as compras de material, de durante todo este período, por parte do Concello de Mugardos, finalmente a financiación vai ser esta, co cal pois vai ser a Deputación quen financie finalmente todas... todas esas máscaras, pantallas, xeles, etc. E logo que o resto vai ser para... para roupa non, e...como dicía, en todo caso, vamos a votar a favor, porque entendemos que, vamos, na situación na que estamos, na situación de... de a que provocou o COVID e a situación de esta pandemia entendemos que o máis adecuado pola nosa parte é apoiar o Goberno Municipal, entender que a situación non foi fácil e que tiveron que tomar decisións en pouco tempo, e ese vai ser o motivo polo que vamos a seguir apoiando en esta situación, como fixemos ata o de agora, tamén recordamos que se acaba a situación do COVID, e por tanto, pois haberá que buscar outra maneira de tomar as decisións e outra maneira de tomar as medidas.

Sr. Alcalde: Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, vamos a empezar por algo que non é o substancial, que houbera sido esta votación plenaria que é a.... reflexar o incremento orzamentario con motivo do COVID que vai a sufrir o Concello na partida de asuntos sociais e aproveitando esa convocatoria que fai a Deputación, os 23.581 euros, que vaia un pouco colaborar co esforzo que ten que facer o Concello, pero aínda non sendo fundamental, si nos gustaría reflexalo, no Pleno Ordinario anterior preguntabamos por esta convocatoria, unha convocatoria que o Concello tivo coñecemento o 30 de abril tal e como consta nos informes e que tiña de prazo ata o 29 de maio para poder ser debatido e... na sesión do Concello Pleno, tal e como ademais viña marcado pola propia convocatoria da Deputación, e non vernos abocado a poder ratificar ou non unha resolución da alcaldía, naquel momento no Pleno se nos dicía que a traballadora social estaba acabando de elaborar un informe dous días antes de que rematara o prazo, e podemos entender as complicacións que pode haber de persoal, pero houbo dúas comisións de benestar, a unha se trouxo pola vía de urxencia sen o expediente, despois convocouse outra comisión extraordinaria única e exclusivamente para ese tema, onde non viña o expediente completo, faltaba un informe que serviu de base para facer a resolución da alcaldía que era o informe da interventora, no expediente do Pleno tampouco estaba en un principio o informe de intervención e creo que, é un debate que vén bastante trabado pola inexistencia do debate. De todos os xeitos, como isto é unha previsión dos gastos que o Concello, ou neste caso o goberno municipal, entende que vai a supoñer o COVID 2019, nós vamos a votar a favor e... tendo en conta que xa manifestamos nas comisións do 3 de abril, do 19 de marzo, e diferentes comisións do comité de emerxencia ou da comisión de emerxencia, para que estes 23.000 euros pasen... vaian integramente destinados a unha convocatoria de concurrencia non competitiva de axuda aos colectivos vulnerables. Temos que ter en conta que nas resolucións de alcaldía probablemente agora xa haxa un incremento maior por motivo do COVID, hai uns 6.000 euros que foron adxudicados ao amparo do regulamento de prestacións económicas, aínda que en eses debates se manifestaba que se ía modificar o regulamento de prestacións económicas isto non foi así,

non hai unha proposta en ese sentido e nós cremos que pola propia estrutura, e así o manifestamos, sería difícil encaixala salvo que obtivera unha modificación tamén, polo tanto, para ser claros, nós vamos a votar a favor tendo en conta que isto é unha previsión que fai o goberno onde ten que ir ou onde cree que se vai incrementar ou en que partidas se vai incrementar os gastos, pero que a nosa disposición é seguir plantexando que o goberno destine e aprrobe unha convocatoria de axudas para os colectivos vulnerables, que recolla como mínimo a aportación que fai a Deputación da Coruña.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, abrimos un segundo turno entón, palabras? Gemino e

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno, bo día a todos e a todas, bueno, nós simplemente dicir que é certo que na última comisión votamos en contra de... de este punto máis que nada porque como ben dicía a voceira de Esquerda Unida faltaban os informes, e hoxe, nada, empeza o Pleno, siguen a faltar e entón nós é certo que vamos a cambiar o voto, non... non vamos a votar en contra e vamos a optar pola abstención.

Sr. Mahía Prados: Bueno, srs. concelleiros, veciños, para aclarar varios temas: estase falando de unha aportación de 23.000 euros que, ben, fai a Deputación, que é certo, faina a Deputación dentro do Plan dos POS COVID 2019, que gustaríame desgranar un pouco polo miúdo e sería a adquisición de Epis por valor de 14.500 euros, uniformes para o servizo de axuda no fogar 5.000 euros e inversión en termómetros e en tensiómetros para as traballadoras de servizos sociais que están en torno aos 1.000 - 1.500 euros, e logo se duplica a partida de axudas sociais en 20.000 euros, isto fai un total de 43.000 euros, que se vai incrementar a partida de servizos sociais, non 23.0000 euros. E dicir, as cousas que... este POS que fai a Deputación é un POS para o longo do ano, non é para os gastos que se derivaron do COVID, as inversións que se fixeron no COVID ata agora foron con fondos municipais, que unha parte se podería recuperar polo POS COVID?, posiblemente se poida, pero o POS COVID é para gastos ata o día 31 de decembro do ano 2020, e dicir, ata fin de ano, por iso aparece a... mercar tensiómetros, termómetros, mercar uniformes e aparece este tipo de inversións, porque son inversións que non se fixeron e que se van a facer, cousa que permiten as bases do... do POS. Referente a se entrou ou non entrou en prazo, bueno vostedes dixeron antes, votaron en contra da urxencia, se non votaran en contra da urxencia, de tratar ese tema, posiblemente entrara en prazo, porque se podía haber tratado en esa comisión extraordinaria para a cal foi tratado. Entón quere dicir que non se cumpren os prazos cando vostedes mesmos votan en contra para incumprir eses prazos, pois non é como menos que chamativo, e por último manifestar que isto e... estas contías, isto que vén aquí non é unha decisión que veña do... vén do goberno porque é quen goberna, obviamente, valga a redundancia, pero isto vén en base a un informe da traballadora social que estimou que as necesidades nos servizos sociais de Mugarodos, eran as contías que fan aí tipificadas e as inversións que aí veñen recollidas. Polo tanto nada máis, agradecer as aportacións que fixeron todos os grupos, pero quería pola nosa parte clarexar esta... esta serie de... de información.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Si, bueno, eu aclarar varias.... bueno aclarar non, eu creo que está claro todo, simplemente puntualizar varias cuestións, en primeiro lugar, entender

que obviamente as cousas sempre se poden facer de outra maneira, é indubidable que todo o mundo pois pode querer facer as cousas de diferentes maneiras, e posiblemente haxa outras maneiras de facer as cousas, pero indubidamente os momentos que nos tocou vivir son moi complexos e xestionar unhas cuestións coma estas onde as necesidades son acuciantes e urxentes e que hai que tomar decisións no momento pois é... é complicado para todos, probablemente, pois, en frío e mirado no futuro, pois un sempre faría as cousas de outra maneira, ou non, pero o certo e que hai que tomar decisións e hai que tomalas con certa celeridade e obviamente dar unha resposta áxil para os veciños, e polo tanto, iso é o que intentamos facer, que sexa mellorable ou non, non o vou discutir, pero é difícil loxicamente pois intentar paliar todas as necesidades de unha soa vez, cando bueno, recordemos que temos un presuposto do ano 2017 prorrogado que conleva, pois, moitas restricións en inversións para o Concello, e que obviamente, pois é unha traba, unha traba que hai que solventar, polo tanto, bueno, indubidamente un presuposto sempre axuda a ter unha base máis sólida para que o Concello poida actuar de unha maneira moito mellor, pero en estes momentos as condicións que temos son nas que estamos, e polo tanto, bueno, indubidamente agradecer a todos os grupos que fixeron as súas aportacións, que fixeron comprensivo esta situación, indubidamente, pois para apoiar pois unha cuestión, pois que obviamente faina o Concello de Mugar dos na súa totalidade, que veu traballando durante estes temas e que agradecemos tamén durante todas as comisións do COVID, que fixo as súas aportacións e que tivemos moi en conta cada unha delas para intentar levalas a práctica, e polo tanto, bueno, isto non é unha cuestión só do goberno municipal, senón de todos os... loxicamente de todos os grupos municipais que fixeron as súas aportacións e que intentaron na medida do posible, pois arrimar o ombreiro nunha situación moi complexa para... para todos, non, polo tanto, eu só poido agradecer aos grupos que tiveran estas consideracións, porque é importante que os veciños xa teñan pois todas estas cuestións o antes posible, e nada máis, e recordar que bueno, seguiremos traballando para mellorar todas esas propostas que se estean dando por parte de todos os grupos e que intentaremos, en todo caso, pois mellorar todo aquilo que poidamos facer, sempre dende un ánimo construtivo e de mellorar a vida dos mugar deses. Agradecendo, como digo, esta cuestión pois pasamos a votar esta ratificación, votos a favor, abstencións.

5.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)

Tras deliberación, sometese a votación a emenda presentada in voce no Pleno polo voceiro do Grupo Municipal do PSG-PSOE, de derogación do artigo 93 do ROM, e o Concello Pleno por oito votos a favor (5 PP, 3 PSOE), 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), e, polo tanto, con quórum esixido polo artigo 47.2, letra f/ da Lei 7/1985, ACORDA:

Prestar aprobación á emenda e, en consecuencia, derogar o artigo 93 do regulamento orgánico municipal.

De seguido sométese a votación a proposta de modificación do regulamento orgánico municipal, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 20 de xuño de 2020, coa emenda aprobada anteriormente, e o Concello Pleno, tendo en conta o referido ditame, e o informe do Secretario da Corporación de data 12.06.2020, obrante no expediente, por 8 votos a favor (5PP, 3 PSOE), 5 en contra (4 EU-SON EN COMÚN,

1 BNG) e, polo tanto, co quórum esixido polo artigo 47.2.f/ da lei 7/85, acorda prestar aprobación ao ditame de comisión informativa , coa emenda aprobada, adoptando en consecuencia, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal de Funcionamento do Concello de Mugardos, quedando redactados os artigos modificados nos termos que deseguido se indican:

- No Artigo 49 engadiríase un segundo punto coa seguinte redacción:

“Os concelleiros da corporación que abandonen de forma voluntaria unha sesión plenaria ou comisión informativa sen causa xustificada, non percibirán a retribución pola asistencia ao órgano.”

- O Artigo 58.2 quedaría redactado da seguinte forma:

“ 2.- As mocións ordinarias presentaranse no rexistro municipal antes das 14:00 horas do día anterior á celebración da Xunta de Portavoces para que, no caso de ser aprobadas polo pleno, e cando fose necesario, remítanse aos órganos competentes para a tramitación e adopción da resolución que proceda.”

- Ao Artigo 62.2 especificaríase o tipo de días, sendo estes días hábiles, de acordo co artigo 30.2 da LPACAP.
- Derrógase o artigo 66 na súa totalidade.
- Derrógase o artigo 93 na súa totalidade.
- Ao Artigo 128 engádeselle a seguinte frase:

“Aos que se lles tomará acta das súas deliberacións.”

- O Artigo 133.1 segundo parágrafo, quedaría redactado da seguinte forma:

“O resumo do rexistro de entrada e de saída será facilitado por medios electrónicos cunha periodicidade semanal aos portavoces dos grupos municipais, ou ao correo que indiquen por escrito.”

- Engádesse un novo artigo; “Artigo 142.- Exequias” coa seguinte redacción:

“Rexeranse as distincións e honras fúnebres de persoal municipal e membros da corporación nun regulamento para ese efecto anexo ao presente Regulamento Orgánico Municipal.”

Segundo.- Expoñelo ao público a efectos de reclamación, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto que durante o indicado prazo non se teñan presentado reclamación.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pasamos ao punto quinto, modificación do regulamento orgánico municipal, bueno, vén ditaminado de comisión e... Miguel expós un pouco o asunto, por favor.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno a modificación do regulamento orgánico municipal son unha serie de puntos que engloba, bueno, varias cousas que xa se vén... bueno que xa se viñan facendo e non estaban recollidas, para darlle ese soporte que necesitaba, e así como contextualizar outras. Vén tamén da comisión e consta co... co informe pertinente dentro do expediente.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pois si... abrimos un primeiro turno de palabras, palabras? Bueno, primeiro turno, Gemino e José Angel, pedistes a palabra. Gemino, por favor.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, dicir que nós imos a votar en contra de esta proposta de modificación, fundamentalmente porque entendemos que cando se fai unha proposta de modificación de un regulamento é para melloralo, e dende o punto... dende o noso punto de vista esta modificación non mellora en nada o regulamento municipal, senón que incluso o empeora, nós na comisión onde se debateu isto fixemos unha serie de achegas que non se contemplaron para nada, e... facíamos unha referente ao artigo 49 de o abandono por parte dos concelleiros e concelleiras de... do Pleno ou da Comisión Informativa, de forma voluntaria, entón dicíamos que si isto ía ser así, que criamos que había que especificar como mínimo unha casuística xeral e de quen era o que ía decidir si a causa é xustificada ou non e hai unha serie de modificacións cas cales, pois entendo, que estábamos de acordo, porque o certo é que se viñan facendo así, aínda que non estaban recollidos no regulamento, e, é certo que tamén falamos do artigo 93, que entendíamos que esa non podía ser a redacción, e, é certo que o informe de secretaría di que esta proposta de modificación e... non cumpre esa... bueno, non cumpre o que di o informe de secretaría, que ten que haber unha dedicación de... dos concelleiros ou concelleiras ou unha delegación e entón, bueno, hai outra serie de cousas, como dixen antes, como o de.. o rexistro semanal que é certo que non está recollido, pero xa se facía, e entón como digo, vamos a votar en contra, porque entendemos que isto prexudica e prexudica fundamentalmente a veciñanza, aínda que é certo que tampouco se aplicaba, e.. esta parte do regulamento sobre o estado do debate do estado do municipio, porque entendo que a veces tratamos de interpretar o regulamento como... como mellor nos vén, e aquí nos inclúo a todos, incluso eu mesmo, pero é certo que o debate do estado do municipio debería celebrarse anualmente, inescusablemente cando se van aprobar uns orzamentos, e que nunca se podía celebrar o ano de eleccións, é certo que non se facía así, pero é certo que cada vez que se ían

aprobar uns orzamentos si o había, e agora con esta redacción pois o que vamos a facer é privar a veciñanza de que poidan atender ese debate.

Sr. Alcalde: José Angel.

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Ben, bueno, eu creo que o que é esa proposta de modificación pois recolle un pouco o que... o que se comentaba non, que se adapta un pouco a realidade do que está... do que sucede no Concello, aparte de solucionar certos problemas que había, pois a hora de que as mocións entraran a tempo ou non e o malestar que xeraba iso, pois ademais de iso tamén, sácase do regulamento municipal e... unhas convocatorias que realmente, a pesar de estar no regulamento non se están... non se están celebrando, non se están convocando, pois polo tanto o lóxico é que se non se están facendo pois que se saquen do regulamento, entendemos nós, logo nós fixemos unha aportación que era precisamente no artigo 93 e que está, parece ser, fora da normativa, pois nada, simplemente si isto non cumpre, pois, pois vamos, que se retire directamente ese artigo que tampouco ten especial significación, debido a que pois xa é o propio Pleno o que establece se hai dedicacións para... para os concelleiros ou non, polo tanto, as dúas principais cuestións que se plantexaban que era o problema que había a hora de que o goberno que fose, o actual ou o anterior, non admitise mocións cando parecía que si debían de ser admitidas, ou que, pois por digamos, coherencia, deberían haber sido admitidas e non o foron, e ademais de iso o tema de que el... o que son as... os grupos municipais, as dedicacións pódeas ou non pode habelas non depende do regulamento, pois entón, entendemos que se recolle o que en esencia se reclamaba por parte dos grupos, que isto vén, recordemos, porque foron o propio Partido Popular o que reclamaba que se actualizase o regulamento e o propio Bloque tamén así o facía, entón bueno, nós en principio estamos de acordo en... en estas modificacións, xa digo, retirando o artigo 93, que é a nosa proposta, pois retirámola, non hai ningún problema, retírase o artigo, tampouco vale a redacción anterior, pois polo tanto propoñemos que se retire directamente o artigo e... continuamos con... con esta proposta.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Pilar.. habías pedido? a non, non, non pediras, si, abrimos un segundo turno, en todo caso, se queredes, alguén quere a palabra? Pilar e Miguel. Pilar..

Sra. Díaz Otero: Bueno, nós vamos a modificar o voto que mantivemos na comisión, o representante de Esquerda Unida na comisión facía mención a abstención, a espera dos informes pertinentes, e bueno, aínda que o informe que emite o secretario e... é obvio que conleva ou a unha nova redacción, ou a unha retirada, como pide o grupo municipal do Partido Socialista do artigo 93, para nós non é o esencial, cremos que é difícil de encaixar que a estas alturas e... non teñamos convocado pois comisións de facenda para xerar crédito para as axudas a autónomos, ou para as propias convocatorias de axuda aos veciños e convoquemos unha comisión extraordinaria para a modificación do regulamento, só se entende pola petición do Partido Socialista realizada no Pleno Ordinario anterior, e polo tanto, pola necesidade que ten o Partido Popular de seguir afianzando ese grupo de goberno maioritario, e... eu creo que é esa a razón fundamental, porque como parece que todos os portavoces indican, salvo o....., eu creo en algunha... en algunha redacción do artigo importante para o desenvolvemento das tarefas dos

grupos municipais como é trasladar ou incorporar a palabra hábiles os vinte días da resposta do Pleno, independentemente de que se contestase ou non, sempre hai capacidade, como sabe o Partido Popular, de recurrir o Valedor do Pobo para que o grupo de goberno poida contestar en tempo e forma, nos encontraríamos ademais con que as preguntas realizadas nin sequera terían contestación antes do Pleno Ordinario seguinte, bueno, creo que é un... un retroceso importante e creo que ademais non recolle peticións que se viñeron facendo durante moitos anos, con diferentes escritos, recursos, sobre a accesibilidade dos grupos municipais, ao igual que o rexistro das facturas, foi unha petición que insistentemente se realizou dende o Partido Popular e nos estraña que non veña recollido no regulamento ao ter o mesmo tratamento que o rexistro de entrada, e... nos con todo isto, e cremos que ademais debería de conter algún apartado específico tamén, porque bueno, xa estamos nunha nova época, non só polo teletraballo, que está mantendo boa parte dos traballadores do concello, senón porque a administración electrónica xa está en un punto diferente ao que estaba cando se fixo este... este regulamento, e para nós, como digo, só responde a... a necesidade ou a conveniencia que ten o Partido Popular de ir cumprindo os desexos do Partido Socialista, para manter esa maioría que dou lugar a moción de censura, nada que dicir, pero para nós o regulamento non recolle aspectos fundamentais do que podería ser a adaptación dun novo regulamento nos tempos que vivimos agora, e por ese motivo vamos a votar en contra.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, varias cuestións, non, hai que saber de onde vén este regulamento, o regulamento que ten o Concello de Mugarodos é un copia e pega do regulamento da cidade de Rivas Vaciamadrid que fixo o goberno de Esquerda Unida e o BNG fai anos, nunha cidade de 86.000 habitantes que non se corresponde para nada coa casuística que ten un concello como Mugarodos, que temos 5.200, xa se manifestou por aquel entón por parte do Partido Popular, por varios membros da Corporación de aquel entón, e así continuou, de feito a... a propia exalcaldesa modificou o período de exposición tanto de orzamentos como diversas e... limi...cercionaron os dereitos da oposición limitando o nº de mocións presentadas, bueno, podemos falar largo e tendido de todas esas modificacións que se fixeron de este... de este regulamento. As modificacións que se propoñen por parte do goberno son modificacións que veñen faladas de varias comisións, primeiro o problema que había para rexistrar as mocións, bueno, todo o que tamén expuxo por parte do voceiro do BNG, que é o que se recolle na modificación que se presenta, hai unha cousa que si, que non... que creo que non se... que non compartimos, que é, bueno, a marxe do referente ao estado do municipio, eu gustaríame que me dixeran algún momento cantos concellos dos arredores po... dos arredores.... fago extensible a toda Galicia, da nosa poboación, teñen esta clase de debates, porque é un tipo de debate que segundo figura na Lei de Bases Locais e de funcionamento da Administración Pública está non reservado, pero si que é maioritario nas... nas cidades, nos núcleos grandes de poboación, tamén se dicía que este é o debate máis importante que... un dos debates máis importantes que había en Mugarodos, eu asistín como público a practicamente todos os que houbo, creo que era a única persoa asistente do público, moitas... moitas das ocasións, e principalmente á marxe do que se dicía, eu penso que tampouco se viviron ningún debate de orzamentos, que iso si que é un debate importante, e porqué digo isto dos orzamentos, porque tamén quero enlazar co que se estaba dicindo aquí acerca de porque vai a ir ben unha

modificación do ROM ou ben unha modificación do crédito, bueno, pois isto é moi sinxelo, xa o respostamos, estamos a piques de presentar un borrador de orzamentos, e nós preferimos facer o que hai que facer, que son uns orzamentos para harmonizar un pouco a situación municipal e para pagar os pufos que quedan sen pagar, por iso non se fixeron modificacións de crédito e por iso se... vai todo metido dentro do propio orzamento, porque non ten sentido andar facendo modificacións de crédito para logo ter que incorporalas no orzamento, nin máis nin menos, e referente a o que se di tamén de que hai unha modificación do... do regulamento orgánico referente a resposta de preguntas escritas é.. é moi fácil... a ver o papel todo aguanta non? Pero cando... como di a propia Lei de Procedementos Públicos cando non figura o tipo de días que son, son días hábiles, polo tanto xa se estaban facendo días hábiles, de feito moitas das preguntas cando estabamos na oposición que se respostaban, se respostaban fora do... dese espazo que había entre pleno e pleno, porque se estaba respondendo en días hábiles, o que se vén a facer é que apareza, quede reflexado que son días hábiles, e hai outra cousa que tamén é importante que queremos manifestar que é referente ao tema das mocións, porque non cremos lóxico que mocións que presentaba o Partido Popular cando estaba na oposición, que se presentaban e... na propia comisión de voceiros.. de voceiros, non se recolleran para a orde do día e mocións que aparecían despois da xuntanza de voceiros si que apareceran na orde do día, e poño como por exemplo unha moción que houbo acerca de... de Navantia, que presentaron aquí os sindicatos e que apoiamos todos os grupos municipais, esa moción apareceu na orde do día dun Pleno, despois de ser rexistrada das mocións do Partido Popular, e as mocións do Partido Popular non foron, entón, esa dualidade de criterio que tiñan algúns alcaldes ou alcaldesas de este... de este Concello de interpretar o regulamento orgánico en función de ver cal podía meter na orde do día e cal non podía meter na orde do día, nós non a compartimos, por iso pedimos que se reflexara que ás catorce horas do día anterior a xuntanza de voceiros tiñan que estar rexistradas todas as mocións, e para finalizar, simplemente un apuntamento, todas... o que se falou aquí acerca de o que faltan o de rexistro de facturas, acerca de que falta documentación, acerca de que falta, hai que reformar, porqué non se dixo na comisión? Eu algo aquí que de verdade sorpréndeme bastante, que se quere vir ao Pleno a facer como se fora comisión, ao Pleno se vén a votar os acordos de comisión, se teñen que facer aportacións, fáganas nas comisións pertinentes, que para algo existen as comisións informativas, e para algo as puxemos cada quince días, para que se puideran facer aportacións e non se cercenara os dereitos da oposición, que é o que mantivemos tanto na oposición coma no goberno, así que menos predicar e dar trigo.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, en todo caso, para ir acabando este punto xa, bueno, en primeiro lugar o regulamento... as modificacións, son como xa dixo o voceiro do Partido Popular, van destinadas a regularizar certas irregularidades que existían en canto o funcionamento ordinario do Concello, cuestións de... lóxicamente, moitas de... de funcionamento esencial de representación etc. etc. que eu creo que non van en contra de nadie, obviamente, senón todo o contrario, o que se facilita é que todo o mundo teña os mesmos dereitos e as mesmas obrigas en canto a presentación das propias mocións, e polo tanto, eu creo que clarifica bastante, pois, unha petición que fixeron en algún momento todos os grupos municipais. En canto ao tema das convocatorias do estado do municipio, bueno, é obvio que nunca se convocaron todas as que se tiñan que haber convocado en base ao regulamento, polo tanto, algo que parece agora tan importante para este concello no... no seu momento non o foi,

non foi importante cando se ostentaba o goberno e non se lle daba a oportunidade a oposición, os dereitos non se exercen cando un está no goberno ou cando un está na oposición, os dereitos exércense sempre, polo tanto, pois, obviamente, bueno, o lóxico é que si estivera nese regulamento e se fixera cumprir sempre, houbera habido un estado do municipio que non foi así, en todo caso, referente tamén a... ó retroceso de dereitos, bueno non me vou meter en iso de retroceso de dereitos porque daría para escribir un libro, en todo caso, mocións que presentou o Partido Popular sendo oposición e non se levaron por capricho da alcaldesa de turno, e... isto non cabe xa neste Concello, isto non vai cos complexos de ninguén, polo tanto calquera moción que vai, independentemente que podamos estar a favor ou en contra, claro que se vai traer a un Pleno, porque aquí é onde hai que votar si un está de acordo ou non, pero cercenar ese dereito en base a que o alcalde ou a alcaldesa pode facer a orde do día non nos parece de recibo, e polo tanto, as mocións que traen os grupos levaráanse ao Pleno sempre, de acordo? Bueno, e nada máis, dicindo esas cuestións cerramos xa o debate e sometemos a votación o punto quinto de modificación, a... si perdón, si, si, perdón, hai unha emenda do Partido Socialista referente a... unha emenda que propón retirar o artigo 93 do regulamento. Bueno, en todo caso, que?... a ver si queres... si, brevemente concretar...

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Si, brevemente simplemente dicir porque pois por algunha intervención parecía que foi o Partido Socialista o que fomentou un cambio no regulamento, que en ningún momento é, en ningún momento, en ningún momento e..., nós simplemente recolleamos, cando no seu momento, estabamos no goberno, e se nos fixo... se nos dou..., se nos propuxo actualizar o regulamento, porque había problemas a hora de meter as mocións, non, e polo tema tamén das... do... do por un tema que é o tema das dedicacións no que, cando parece que o responsable que aquí haxa unhas dedicacións é o Partido Socialista e que é o que decide, cando aquí se votou en dúas ocasións, tivéronse que votar as dedicacións e en unha o partido que estaba no goberno votaba que non tivera a dedicación a oposición e era un partido e a seguinte era outro partido o que votou para aquel que estivese na oposición non tivese dedicacións, nós non cambiamos o voto e nos importa, nin o vamos a cambiar tampouco, si o que cambia o voto dependendo de que a quen vai cobrar esa dedicación e quen non, non somos nós, no, así que non nos boten a nós a culpa, e en canto a... ao regulamento a nós valíanos o regulamento que había, sempre e cando se puideren meter as mocións e non houbera debate, porque se meteron cinco minutos antes ou cinco minutos despois. O regulamento é o que hai, si se admite... si se admite esa modificación que nós plantexamos, pois vamos a votar a favor e nada máis.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pois, en todo caso, nós vamos apoiar esa modificación da emenda, en todo caso, vamos a sometela a votación, e antes de dar lugar ao voto xeral vamos a votar a emenda do Partido Socialista ao regulamento, que é a eliminación do artigo 93 do regulamento, votos a favor de retirar ese punto do regulamento, votos a favor, en contra, abstencións. Moi ben, pois en todo caso, aprobada a emenda pasamos a votar, en todo caso, a modificación do regulamento con esa emenda do Partido Socialista, votos a favor do cambio de regulamento, en contra, moi ben.

6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA NO CONCELLO DE FENE.

Tras deliberación, sométese a votación o convenio de colaboración entre o concello de Fene e o concello de Mugardos para a prestación de servizos no departamento de xestión económica no concello de Fene, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, na sesión ordinaria de data 3 de xuño de 2020, e o informe do secretario da corporación do 29.05.2020, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Mugardos, para a prestación de servizos no departamento de xestión económica no Concello de Fene, segundo texto que figura no expediente.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pasamos ao punto sexto “convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Mugardos para a prestación de servizos no departamento de xestión económica no Concello de Fene”. Bueno, ben... é unha cuestión de Fene nos solicitou pois, por acumulación, pedir unha técnica do departamento económico, e polo tanto, bueno pois, procede que obviamente o Pleno se decante sobre...esta autorización, para que poida prestar o servizo, en acumulación, no concello veciño de Fene, polo tanto, e... se trata do posto de tesourería, si, é correcto, de contable, si de contable, e polo tanto, bueno pois, é perceptivo que durante o Pleno, pois, se autorice esa cuestión. Palabras? Bueno pois se non... si.

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Nada, bueno, soamente rectificar o que dixemos na comisión e é que si... si o empregado que ten que facer o traballo está de acordo e o Concello tamén, pois adiante con el, si o que queremos é que se asegure que no Concello de Mugardos non vai a repercutir como se nos dixo que así ía ser, que non ía repercutir no traballo do Concello de Mugardos, no funcionamento, pois vamos estar de acordo.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pois nada, pasamos entón a esa votación, votos a favor, abstencións, non? Todos a favor, moi ben.

7.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 414/2020, SOBRE ASUNTO: REINCORPORACIÓN DE EMPREGADOS/AS MUNICIPAIS AOS SEUS POSTOS DE TRABALLO.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, pois o punto sétimo é dar conta da resolución da alcaldía número 414/2020, sobre asunto: “Reincorporación de empregados/as municipais aos seus postos de traballo”.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) Bueno, pois como xa se puido constatar en ese plan de desescalada xeral que se está plantexando dende o departamento de persoal, tróuxolle, loxicamente, este documento que é esa flexibilización da xornada laboral por aqueles empregados que aínda poidan desfrutar do teletraballo, unha medida que consideramos importante en canto que a conciliación, pois, en estes tempos nos que tanto..., a incorporación de o que loxicamente..., de que os nenos non poidan estar no colexio, e dependentes, e outro tipo de familiares teñan que ser atendidos de esa maneira, pois fainos que teñamos que ter en consideración tamén que os nosos propios traballadores poidan ter esa conciliación, como é natural, para... para predicar sobre conciliación pois primeiro hai que... hai que practicala, e polo tanto, debemos practicala primeiro cos nosos empregados e logo poder ampliar esas cuestións a... a outros colectivos, na medida na que o concello poida seguir ampliando pois esas coberturas de espazos de conciliación. Bueno, en teoría, xa vistes aquí os prazos, xa se foron, obviamente, escalonando e fóronse poñendo pois esas fases nas que se vai ir incorporando, obviamente, todo o persoal, en primeiro lugar aqueles que teñen despacho propio, e, obviamente, por situacións derivadas do COVID e que obviamente se foron escalonando e que se foron turnando e que agora van ter que facer unha desescalada, cara a nova normalidade que xa temos e que, bueno, que con esa vixilancia da saúde e da seguridade que vamos a seguir mantendo, cos seus protocolos, pero que en todo caso, a vida ten que continuar e... e intentaremos que todo poida volver a esa normalidade entre comiñas, pero sempre vixiando que non haxa un contaxio, intentando que non haxa un contaxio entre o noso persoal. Bueno, algo sobre este asunto? Bueno, pois, entón estamos dando conta, pois se da conta.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

Resolución da alcaldía núm. 414/2020, de data 20.05.2020, sobre reincorporación de empregados/as municipais aos seus postos de traballo.

Sr. Alcalde: (Que traducido di) E non habendo máis temas sobre a sesión, pois se levanta a mesma. Gracias.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as dez horas e quince minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,